

## CAMPAMENTO CULTURAL DE VERÁN NO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén de poñer en marcha, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade o programa Bibliotecas, Arquivos e Museos Corresponsables, para favorecer a conciliación das familias con nenas e nenos de ata 12 anos de idade desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes. Terán preferencia as familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero ou outras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou calquera outra unidade familiar con necesidades en materia de coidados de nenas e nenos. O programa está financiado polo Ministerio de Igualdade do Goberno de España.

Con este fin, o Museo do Castro de Viladonga anuncia a posta en marcha dun campamento cultural de conciliación.

**Requisitos de participación:** Poderán participar no campamento de conciliación os nenos e nenas de 6 a 12 anos que cumpran cos requisitos sinalados no parágrafo anterior.

**Nome da actividade:** Campamento castrexo

**Prazo de inscrición:** do 4 ao 15 de xullo

**Persoas destinatarias:** nenas e nenos de 6 a 12 anos

**Datas / quendas:**

1ª quenda do 18-29 de xullo

2ª quenda do 1-12 de agosto

3ª quenda do 15-26 de agosto

**Lugar de realización:** Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei-Lugo)

**Horario:** de 9.30 a 14 h de luns a venres

**Contido da actividade:**

- Coñecemento do museo, do xacemento arqueolóxico e do seu entorno
- Obradoiros de natureza e ocio
- Visitas culturais
- Xogos tradicionais, contos e lendas

**Número de prazas:** 15 por quenda

**Transporte:** Unha vez recibidas as inscricións se habilitaran lugares de recollida que se lles comunicará.

**e.mail:** [difusion.museo.viladonga@xunta.gal](mailto:difusion.museo.viladonga@xunta.gal)

Castro de Viladonga, 5 de xullo de 2022

A directora do Museo

Elena Varela Arias